

TITORÍAS /covid-19

- As nais/pais comunicaranse vía telefónica ou correo-e. Só en casos excepcionais e previa cita poderán asistir ao centro (e irán ás salas Titoría 1 e Titoría 2).
- **O día da presentación** entregaranlle ao alumnado os documentos *Á ESCOLA CON SENTIDIÑO*, *ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN* e *DECLARACIÓN RESPONSABLE*, facendo fincapé en que o alumnado **só** debe devolver cuberta esta última o primeiro día de clase.
- **O primeiro día de clase:**
 - Recollerán a **DECLARACIÓN RESPONSABLE** (cuxo conxunto darán á Dirección).
 - Comprobarán os números de teléfono das familias (teléfonos de urxencia).
 - Comprobarán os datos necesarios para o posible ensino non presencial: dispositivos que hai no fogar (ordenador, móbil, tablet) e conexión á Internet.
 - Informarán da obrigaón de teren as familias instalada a aplicación **TokApp** ou **AbalarMóbil**, para calquera comunicación que teña que dar o centro (por exemplo, o boletín de cualificacións).
 - Facilitarán ao alumnado a inscrición na AULA VIRTUAL do instituto.
 - No *Plan COVID do IES Luís Seoane* detállanse as medidas correctoras que se aplicarán ao alumnado en relación co incumprimento dos aspectos relacionados coa pandemia:
 - Todo o profesorado, ao mesmo tempo que é responsable de lembrar as medidas de seguridade e hixiene ao alumnado, tamén o será de facelas cumprir.
 - Se un alumno ou alumna acode ao centro sen máscara, ou con unha máscara en malas condicións de hixiene e seguridade, mal colocada, ou sen a máscara de reposo, **a primeira vez** proporcionaráselle unha do material do centro, quedando rexistrados en Conserxería os seus datos, e o Equipo COVID ou Titoría avisará a familia. **A segunda vez**, comunicarase aos titores o feito, para que estes avisen ás familias e cubrirase un parte de medidas correctoras, co que se lle privará do dereito de asistencia ao centro durante un período de entre 1 e 3 días.
 - Se un alumno ou alumna incumpre algunha outra medida das contidas neste protocolo, ou impide que un compañeiro ou compañeira as cumpra, recibirá unha advertencia **a primeira vez**; e **á segunda**, cubrirase o parte de medidas correctoras e aplicaráselle a mesma do punto anterior.
 - Se a falta está relacionada co feito de tirar a máscara propia, ou dun compañeiro ao chan, ou negarse a cumprir calquera das directrices previstas no *Plan Covid do IES Luís Seoane*, **directamente** cubrirase o parte e sancionase coa privación do dereito de asistencia á clase entre 1 e 3 días.